

HOMENAXE JEAN-LUC GODARD (1930-2022)

1009

16 e 20 set

Vivir a súa vida (1962, 83')

17 e 19 set

La Chinoise (1967, 96')

18 e 22 set

O libro de imaxes (2018, 90')



Entrevista con Jean-Luc Godard: «Gutenberg non quería dominar o mundo, Spielberg si»

Por Jean-Pierre Lavoignat e Christophe d'Yvoire en 1995

[Jean-Luc Godard]: Privilexiáronse os dereitos do cinema e non os seus deberes. Non se puido, non se soubo ou non se quixo deixar ao cinema o papel que se lle deu á pintura ou á literatura. Ao empezo creuse que o cinema se imporía como un novo instrumento de coñecemento, un microscopio, un telescopio, pero axiña se lle impediu que desempeñase o seu papel e convertiuse nun axóuxere. Trátase dunha maneira singular de ver o mundo, unha visión diferente que se podería proxectar logo en grande ante varias persoas e en varios lugares a un tempo. Pero debido ao seu enorme éxito popular privilexiouse o seu aspecto espectacular.

Cando cres que se abriu esa fenda? Case desde o inicio, coa chegada de Thalberg á cabeza da Metro Goldwyn Mayer. Houbo quen se opuxo a isto, sobre todo en Europa, pero sen resultado. É como se na literatura só houbese novelas: Dickens para o mellor, Sulitzer para o peor. Sulitzer non eliminou a Dickens na literatura pero si que acabou sucedendo no cinema.

Houbo un momento no que sentiras nacer o desexo de facer cinema? Si, na Cinémathèque. Alí descubrín un mundo do que ninguén me tiña falado, nin na escola nin cos meus pais. Tíñanme falado de Goethe pero non de Dreyer. Viamos filmes mudos na época do sonoro, soñabamos con filmes, ouviamos falar de filmes que non viamos xamais. A Nouvelle Vague era isto, eramos como cristiáns que se converteron sen ter visto xamais a Xesús nin a San Pablo. Para nós o bo cinema, o auténtico, era o que non se vía porque non se distribuía. Griffith, Eisenstein... eran moi difíciles de ver non porque estivesen prohibidos senón porque estaban mal distribuídos.

Que lle atraía dese cinema? Era un misterio. Había unha caste de territorio descoñecido, que pertencía case ao campo da cartomancia. Ocultáronnos unha maneira de ver o mundo que existía desde había corenta anos. Igual que ninguén me tiña falado xamais de política. Foi a través do cinema como descubrín a Lenin.

Naquel tempo o cinema aínda non abdicara do seu papel de mostrar o mundo daquela... Penso que si, pero aínda non o sabíamos. Dito isto, existían e existen aínda filmes que teñen outra visión do mundo, pero son minoritarios. Son excepcións que non impiden que o movemento xeral da industria do cinema estea hoxe moi ligado ao poder, ao igual que o está a prensa ou a televisión. En certa época non era así. Gutenberg non quería dominar o mundo. Spielberg si.

Por que había de querer? Polo feito de querer compracer antes que encontrar unha verdade ou un saber. Spielberg, como moitos outros, quere convencer antes de discutir. Hai aí algo moi totalitario. Digamos que para min o cinema é un instrumento de pensamento orixinal que se sitúa a medio camiño entre a filosofía, a ciencia e a literatura e que implica que un se valla dos seus ollos e non dun discurso prefabricado. Cos meus filmes tentei atermar a ese papel, aínda que fose a miúdo de maneira confusa, pero non foi posible invertir a corrente. As cousas son as que son.